

## Declaración de interese para VERIFICACIÓN/MODIFICACIÓN de títulos de GRAO que se implanten no curso 2025/2026

Normativa reguladora máis relevante: [RD 822/2021](#) polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e o procedemento da garantía da súa calidade, [Decreto 222/2011](#) polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia modificado polo [Decreto 161/2015](#), [Orde do 20 de marzo de 2012](#) pola que se desenvolve o Decreto 222/2011 e Acordo do Consello de Goberno do 31 de outubro de 2022.

Denominación do título de GRAO proposto	Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos
Centro de impartición na UVIGO	Facultade de Ciencias
Obxectivos do título	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecer e comprender os procesos de fabricación e conservación de alimentos.</li> <li>- Coñecer e comprender os procedimentos e mecanismos de análise de alimentos.</li> <li>- Coñecer e comprender os sistemas de control e a optimización dos procesos e os produtos.</li> <li>- Coñecer e comprender os mecanismos e ferramentas orientadas ao desenvolvemento de novos procesos e produtos.</li> <li>- Coñecer e comprender os procesos de xestión e valorización de subprodutos e residuos.</li> <li>- Coñecer e comprender os riscos alimentarios, capacitándolo para a súa análise e avaliación.</li> <li>- Coñecer e comprender os procesos de xestión da seguridade alimentaria.</li> <li>- Coñecer e comprender os procesos de xestión da calidade alimentaria, capacitándolo para avaliar, controlar e xestionar a calidade alimentaria e implementar sistemas de calidade durante todo o proceso productivo dos alimentos.</li> <li>- Coñecer e comprender os canais de comercialización e distribución de alimentos.</li> <li>- Coñecer e comprender as normativas vixentes en materia de alimentación, tanto nacionais como internacionais.</li> <li>- Coñecer e actuar dentro dos principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional.</li> <li>- Desenvolvemento de habilidades de liderazgo, relación interpersonal e traballo en equipo.</li> <li>- Desenvolvemento de habilidades para a adaptación as novas situacións, a resolución de problemas e a aprendizaxe autónomo.</li> <li>- Desenvolvemento de hábitos de excelencia e calidade no exercicio profesional.</li> </ul>
Data da xunta de centro na que se aproba a proposta	22-11-2023
Persoa de contacto no centro	Nome: Pedro Antonio Araujo Nespereira
	Email: <a href="mailto:sdefco@uvigo.gal">sdefco@uvigo.gal</a>
	Teléfono: 988387063
	X Si <input type="checkbox"/> Non

É a proposta unha modificación de oferta xa existente?	<p>Se se trata dunha modificación dun título existente, indicar nome do título de orixe: Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos</p> <p>Nota: Proponse unha modificación non substancial co fin de adscribir a titulación aos novos ámbitos de coñecemento do RD 822/2021. O ámbito de coñecemento máis adecuado para o Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos alimentos é “Ciencias agrarias y tecnología de los alimentos”.</p>
É a proposta un título de GRAO ligado a competencias profesionais reguladas	<p><input checked="" type="checkbox"/> Non</p> <p><input type="checkbox"/> Si, indicar profesión regulada:</p>
É unha proposta de carácter interuniversitario?	<p><input checked="" type="checkbox"/> Non</p> <p><input type="checkbox"/> Si, indicar universidades participantes, con indicación expresa da universidade coordinadora:</p>
Cumpre os requisitos xerais establecidos no artigo 4 do Decreto 222/2011 de 2 de decembro polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais?	<p><input type="checkbox"/> Non</p> <p><b>Requisito 1:</b> A industria alimentaria é considerada pola Xunta de Galicia como un sector estratéxico para a economía galega o que implica unha importante demanda de profesionais capacitados para traballar neste sector. Polo tanto, existe unha demanda real por parte da sociedade e dos/das estudantes do Título en Ciencia e Tecnoloxía dos alimentos que conta cun número de acceso á titulación de 45 estudantes</p> <p><b>Requisito 2:</b> Tendo en conta que é unha titulación única no Sistema Universitario de Galicia, o carácter esencial ou estratéxico para dar resposta ás necesidades formativas e científicas do Sistema Universitario de Galicia é evidente.</p> <p><b>Requisito 3:</b> Posto que existe na Universidade de Vigo esta titulación e se trata dunha modificación non sustancial para adaptala o novo RD 822/2021, xa conta cos recursos dispoñibles para a súa impartición.</p> <p><b>Requisito 4:</b> Fomenta o espírito emprendedor e o autoemprego en tanto que unha boa parte das e dos tituladas/os neste grao son autónomos.</p> <p><b>Requisito 5:</b> O título contempla sistemas de innovación e de capacitación dos estudantes participando en redes internacionais de calidade.</p> <p><b>Requisito 7:</b> Non coincide con obxectivos e contidos doutros títulos nesta universidade.</p> <p><b>Requisito 6 e 8:</b> Os mecanismos de revisión do título e o encadre da proposta na oferta global galega, xa foron xustificadas previamente. Trátase dunha modificación menor que non afecta ao equilibrio entre campus.</p>
Departamentos que poderían participar na docencia (indicar relación)	<p>Bioloxía funcional e ciencias da saúde, Bioloxía vexetal e ciencias do solo, Química analítica e alimentaria, Xeociencias mariñas e ordenación do territorio, Química Física, Química orgánica, Enxeñaría química, Física aplicada, Informática, Matemática aplicada I, Matemática aplicada II, Economía aplicada</p>
Incluír unha proposta de composición da comisión redactora da memoria (indicar expresamente os membros da comisión)	<p>Pedro Antonio Araujo Nespereira, Decano do Centro Beatriz Gullón Estévez, Vicedecana de Calidade Elena Martínez Carballo, Coordinadora do Grao en Ciencia e Tecnoloxía Dos Alimentos</p>

- A data límite para enviar a declaración de interese sobre novas propostas de GRAO que se pretendan implantar no 2025/2026 é o **24 de novembro de 2023**.
- Enviar a [verifica.grao@uvigo.es](mailto:verifica.grao@uvigo.es)